



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases específicas e convocatoria para cubrir en propiedade dúas (2) prazas de Oficial de Policía, polo sistema de concurso, incluídas nas Ofertas de Emprego Público do Concello de Carballo para 2019/2020 (2020/E001/000014).

Anuncio

Bases específicas e convocatoria para cubrir en propiedade dúas (2) prazas de Oficial de Policía, polo sistema de concurso, incluídas nas Ofertas de Emprego Público do Concello de Carballo para 2019/2020 (2020/E001/000014).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 26 de outubro de 2020, aprobou as bases específicas e convocatoria para a selección de dúas prazas de funcionario de carreira, Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Policía Local (Escala básica, categoría Oficial de Policía), incluídas na oferta de emprego público do Concello de Carballo para 2019 (1) e 2020 (1). (2020/E001/000014).

O prazo de presentación de instancias será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo a continuación:

«BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DÚAS (2) PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA, POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CARBALLO PARA 2019/2020 (2020/E001/000014).

(Funcionarios/as de carreira)

A presente convocatoria específica constitúe un desenvolvemento da oferta de emprego público do Concello de Carballo para 2019 (BOP núm. 75 de 22/04/2019) e 2020 (BOP núm. 127 do 11/08/2020), e réxese, naquilo que non teña sido modificado por normativa posterior, polas Bases xerais segunda a décimo sexta para a provisión en propiedade das prazas vacantes de funcionarios/as de carreira e persoal laboral incluídas na Oferta de emprego público do Concello de Carballo para 2010 e aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 07/12/2010 e 20/12/2010 (BOP núm. 3 de 05/01/2011, páxinas 131 e seguintes.) e polas seguintes bases específicas, de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, a Orde do 28/01/2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais (DOG núm. 22 de 02/02/2009) e demais disposicións de pertinente aplicación.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1.- Número de prazas que se convocan. Dúas (2), que corresponden ás OEP 2019 e 2020.

1.2.- Clasificación das prazas. Escala de Administración Especial, Subescala de servizos Especiais. Clase: Policía Local.

Denominación: Oficial de Policía, Grupo: C1, Nivel de complemento de destino: 18, incluída na Oferta de emprego público deste Concello para 2019.

Segundo a Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, esta praza correspóndese coa escala básica, categoría de oficial.

1.3.- Procedemento de selección. Concurso de méritos, mediante o sistema de mobilidade.

1.4.- Dotación económica. As prazas obxecto desta convocatoria están dotadas coas retribucións correspondentes ao subgrupo C1, nivel 18, e demais retribucións complementarias segundo acordos adoptados pola Corporación ao respecto, e concretados na relación orzamentaria.

2.- REQUISITOS ESIXIDOS

Ademais dos previstos na base terceira das Bases Xerais que rexen esta convocatoria (BOP núm.3 de 05/01/2011), de conformidade co artigo 38 da lei 4/2007, de coordinación de policía locais, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que terán que posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias:

2.1.- Estar en posesión da titulación académica esixida para o acceso como funcionario/a ao subgrupo C1, conforme coa normativa de función pública.

2.2.- Ser funcionario/a de carreira de calquera corpo de Policía local da comunidade autónoma de Galicia coa categoría de oficial de policía local e ter unha antigüidade na mesma de, cando menos, tres anos.

2.3.- Non ter sido sancionado/a por falta grave ou moi grave, ou ter canceladas posibles sancións.

3.- DEREITOS DE EXAME

Os dereitos de exame fíxanse en vinte catro euros (24,00 €), segundo o establecido na Ordenanza fiscal núm. 26. Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cós datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249.

4.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.- As instancias, debidamente cubertas, para solicitar tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de dez (10) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, vista a urxencia na cobertura das prazas.

4.2.- A instancia irá acompañará inescusablemente da seguinte documentación:

- Carta de pagamento ou xustificante acreditativa de ter aboado o importe dos dereitos de exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora vixente no prazo de presentación de solicitudes.

- Fotocopia da titulación esixida na base segunda, punto 1 desta convocatoria.

- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos do apartado 2.2. destas bases.

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

- Declaración xurada de portar armas e, se fose o caso, chegar a utilizalas.

- Unha relación enumerada dos méritos que aleguen pola orde que se establece nesta convocatoria específica, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no momento do remate do prazo de presentación da instancia.

4.3.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para a corrección da documentación que, segundo os termos da Lei 39/2015 é de 5 días hábiles desde a publicación no BOP de A Coruña da aprobación da listaxe provisional. No caso de non existiren aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello. Esta publicación será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Publicarase no BOP de A Coruña e no taboleiro de edictos da Casa do Concello a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a composición final do Tribunal cualificador.

5.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as. A designación farase de conformidade co artigo 55.2 c) e d) e art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e na súa composición tenderase a paridade entre homes e mulleres.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a, do/a secretario/a e dun/dunha vogal. Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

6.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

6.1.- Sistema de selección. A selección dos aspirantes efectuarse polo procedemento de concurso de méritos mediante o sistema de mobilidade e consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos aspirantes.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación das fotocopias correspondentes, valorándose os citados méritos de acordo có baremo especificado no **Anexo I** destas bases.

6.2.- Cualificación final e relación de aprobados.

A puntuación final dos aspirantes consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación. A orde de colocación dos/as aspirantes na listaxe definitiva de aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación, adxudicándose a praza convocada ao/á aspirante coa puntuacións máis alta.

Na resolución do concurso de méritos o tribunal rexerese polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, o tribunal propondrá o nomeamento do/da aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas no concurso, obtivera a maior puntuación.

En ningún caso o tribunal poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que non estean incluídos na proposta de nomeamento por acadar unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, o órgano convocante deberá substituílo polo seguinte en orde de puntuación da listaxe complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación conseguida.

6.3.- Criterios de desempate. De conformidade có disposto no artigo 10.2 do Decreto 243/2008, en relación co artigo 37.1, da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, verificada a infrarrepresentación do sexo feminino, establécese que, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos, serán admitidas as mulleres, agás se considerando obxectivamente tódalas circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir o home.

En defecto do criterio expresado no parágrafo anterior, en caso de persistir o empate, e para dirimir éste, resolverase pola puntuación parcial obtida na fase de concurso en cada un dos apartados de méritos detallados no Anexo I desta convocatoria e pola orde en que relacionan no mesmo, comezando polo apartado 1. Titulacións académicas; no seu defecto, polo apartado 2, relativo a Antigüidade, e así sucesivamente, ata resolver o desempate.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as aspirantes propostos/as polo tribunal presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, así como a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados no concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirante propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

8.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración

de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un rexistro de actividades de tratamento de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos sinalados no Cap. II da norma mencionada enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo

9.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, na web municipal.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.»

«ANEXO I: BAREMO PARA O CONCURSO DE MÉRITOS PARA CUBRIR 1 PRAZA DE OFICIAL DE POLICÍA (Anexo III Orde de 28/01/2009, DOG núm. 22 de 02/02/2009).

1. TITULACIÓNS ACADÉMICAS.

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto Básico do Empregado Público, as titulacións a baremar serán as seguintes:

- Título universitario de pos grado, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 punto.
- Bacharelato, técnico o equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo Ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, no seu caso, o Boletín Oficial do Estado en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

2. ANTIGÜIDADE.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

Os servizos sinalados serán xustificados mediante certificado da administración onde foron prestados, con indicación da categoría en que foron prestados e o tempo traballado.

3. FORMACIÓN E DOCENCIA.

3.1.- Formación profesional continua:

3.1.1.- Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos

3.1.2.- Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos Plans de Formación Continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do epígrafe 1 deste Anexo, nin a superación de materias destes.

3.2.- Docencia:

3.2.1.- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos

3.2.2.- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvolto nas universidades, administracións públicas ou a través dos Plans de Formación Continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

Os méritos deste apartado 3 deberán acreditarse, dentro do prazo de presentación de instancias, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia se é o o caso.

4. DISTINCIÓNS E RECOMPENSAS OFICIAIS.

- Placa individual ao Mérito da Policía Local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao Mérito da Policía Local: 1,5 puntos.
- Medalla ao Mérito da Policía Local: 1,00 punto.
- Medalla ou Cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do Concello: 0,25 puntos.

5. IDIOMAS.

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola oficial de idiomas, valorarase a razón de:

5.a) Ciclos

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

5.b) Niveis

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten, mediante a presentación do diploma ou certificado.

6. LINGUA GALEGA.

- Celga 1: 0,25
- Celga 2: 0,50
- Celga 3: 0,75
- Celga 4: 1,00
- Anterior curso de iniciación: 0,75
- Anterior curso de perfeccionamento: 1,00
- Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50
- Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten, mediante a presentación do diploma ou certificado.»

«ANEXO II.- BAREMO DE MÉRITOS: CADRO RESUMO»

Apartados	Descrición dos méritos que se van a valorar	Valoración parcial (en puntos)	
A1. Titulacións académicas oficiais	- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente	3,00	
	- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente	2,00	
	- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente	1,50	
	- Bachillerato, técnico o equivalente	0,50	
A.2. Antigüidade como funcionario de carreira	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, nos corpos de policía local	0,20	
	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade	0,10	
	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública	0,05	
A.3. Formación profesional e docencia	Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas	Asistencia (Ver. 3.1)	Aproveitamento (Ver 3.1)
	- Cada hora en actividade de tipo presencial	0,015	0,025
	- Cada hora en actividades de formación on line	0,010	0,020
	Como alumno noutras actividades alleas á Agasp	Asistencia (Ver. 3.1)	Aproveitamento (Ver 3.1)
	- Cursos ou actividades ata 20 horas	0,20	0,30
	- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas	0,35	0,50
	- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas	0,45	0,65
	- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas	0,50	0,75
	- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas	0,75	1,00
	- Cursos ou actividades de máis de 200 horas	1,00	1,30
Como profesor de Agasp ou en actividades conveniadas	0,020		
- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015		
- Cada hora en actividades de formación en liña	0,015		
Como profesor noutras actividades alleas á Agasp	0,015		
- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,010		
- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010		
A.4. Distincións e recompensas oficiais	- Placa individual ao mérito da policía local	2,00	
	- Placa colectiva ao mérito da policía local	1,50	
	- Medalla ao mérito da policía local	1,00	
	- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos	0,75	
	- Distincións do órgano colexiado competente do concello	0,25	
A.5. Idiomas	Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de EOI	1,00 puntos	
	Ciclos	2,00 puntos	
	- Certificado de superación do ciclo elemental:	1,00 puntos	
	- Certificado de superación do ciclo superior:	2,00 puntos	
	Niveis	0,65 puntos	
- Certificado superación nivel básico:	1,30 puntos		
- Certificado superación nivel intermedio:	2,00 puntos		
- Certificado superación nivel avanzado:	2,00 puntos		
A.6. Lingua galega	Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación	0,25	
	- Celga 1:	0,50	
	- Celga 2:	0,75	
	- Celga 3:	1,00	
	- Celga 4:	1,00	
	- Anterior curso de iniciación:	0,75	
	- Anterior curso de perfeccionamento:	1,00	
	- Linguaxe administrativa nivel medio:	1,50	
- Linguaxe administrativa nivel superior:	2,00		

Carballo 28 de outubro de 2020

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2020/7732